


CONCERTO DIDÁCTICO

Guía docente

MÚSICA DE CINE

CINEEUROPA 40º Aniversario





PRESENTACIÓN

A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela presenta Música de Cine, un concerto didáctico dirixido ao alumnado de 12 a 18 anos.

A proposta busca achegar o alumnado á música cinematográfica desde a experiencia, a escoita activa e a participación, explorando a relación entre música, cine e emoción.


O espectáculo combina música en directo, narración escénica, recursos audiovisuais e participación do público, creando unha experiencia dinámica e próxima na que a música é o fío condutor. A concepción e dirección artística do proxecto corren a cargo de Paula Cereixo, actriz, comunicadora, produtora e música de banda, que asume tamén a condución e narración escénica do concerto.

O proxecto enmárcase así na programación especial de Cineuropa 40, unha celebración dos corenta anos do festival e da súa estreita relación coa cultura cinematográfica europea.



OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

A actividade pretende que o alumnado:

- **Desenvolva unha escoita activa e consciente**, aprendendo a identificar e valorar diferentes elementos presentes na música.
 - **Comprenda o papel da música dentro da linguaxe cinematográfica** e a súa capacidade para contribuír á creación de emocións, atmosferas e significados.
 - **Experimente a música en directo** como unha forma de expresión artística e como parte da experiencia cinematográfica.
 - **Recoñeza algúns recursos básicos da música cinematográfica**, relacionándoos coa súa función dentro dunha obra audiovisual.
 - **Explore a dimensión emocional da música**, reflexionando sobre como determinados elementos musicais poden influír na percepción e interpretación.
 - **Participe activamente nunha experiencia musical colectiva**, desenvolvendo a capacidade de escoitar, responder e crear en grupo.
 - **Se achegue ao cine europeo a través da súa música**, descubrindo parte do seu patrimonio cinematográfico e musical.
 - **Desenvolva a curiosidade e o interese pola música e o cine**, favorecendo unha relación máis próxima e persoal con ambas as linguaxes.
- 



CONTIDOS

A música no cine

- A función da música dentro da linguaxe cinematográfica.
- A relación entre música, imaxe e emoción.
- A música como elemento narrativo e expresivo.

Elementos da linguaxe musical


- Ritmo e melodía.
- Timbre, dinámica e textura.
- Silencio e tensión.

Música e percepción

- Escoita activa e identificación de cambios de carácter.
- A influencia da música na percepción das imaxes e das emocións.
- Recoñecemento de temas e motivos musicais.

Música, cine e cultura europea

- Achegamento á música cinematográfica europea.
 - Recoñecemento do valor artístico e cultural da música de cine.
 - A música en directo como experiencia colectiva.
- 



DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O concerto desenvolverase como unha experiencia musical e escénica na que o alumnado será convidado a escoitar, observar, participar e descubrir diferentes aspectos da música cinematográfica.

A actividade combinará diferentes linguaxes e recursos:

- Música en directo, interpretada pola Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.
- Narración e condución escénica, que acompañará e contextualizará a experiencia.
- Proxección audiovisual, como recurso complementario á música e á narración.
- Participación do alumnado, mediante diferentes propostas e dinámicas ao longo do concerto.

A actividade estará deseñada para favorecer unha escoita activa e participativa, facendo que os conceptos musicais previamente traballados na aula poidan ser recoñecidos e experimentados durante o concerto.

Unha experiencia para escoitar, descubrir e participar: O concerto pretende que o alumnado non sexa un mero espectador, senón que forme parte activa da experiencia, achegándose á música de cine desde a curiosidade, a emoción e a participación colectiva.

A duración aproximada será de 50 minutos.

PREPARACIÓN PREVIA NA AULA

INTRODUCCIÓN

Para que a experiencia do concerto sexa o máis enriquecedora posible, propoñemos realizar previamente na aula unha serie de actividades breves relacionadas coa música e co cine.

Esta preparación permitirá que o alumnado chegue ao concerto cunha primeira aproximación a algúns dos conceptos e elementos musicais que posteriormente poderá recoñecer, experimentar e poñer en práctica durante a actividade.

As propostas están pensadas para ser sinxelas, dinámicas e adaptables aos diferentes niveis, sen necesidade de coñecementos musicais previos. O ideal é que se desenvolvan na aula de Música, co acompañamento do profesorado, adaptándoas ás características e necesidades de cada grupo.


A participación do alumnado será unha parte fundamental do concerto. Por iso, é importante animarlles desde a aula a implicarse, responder, experimentar e participar nas diferentes propostas que se lles formulen. Non buscamos respostas "correctas" nin coñecementos previos, senón curiosidade, escoita e ganas de participar.

A idea é que o alumnado non chegue como un espectador pasivo, senón preparado para formar parte da experiencia musical.

PREPARACIÓN PREVIA NA AULA

ACTIVIDADE 1 : O RITMO

Propoñemos traballar na aula o seguinte patrón rítmico:



A partir deste patrón, o alumnado poderá realizar diferentes propostas de lectura e interpretación, empregando percusión corporal, palmas ou instrumentos de pequena percusión.

Recomendamos comezar coa lectura e interpretación colectiva do patrón e, unha vez interiorizado, experimentar con diferentes formas de interpretalo: cambios de intensidade, velocidade, timbre ou combinacións entre os distintos grupos.

O máis importante é que o alumnado memorice e interiorice o patrón, xa que será recuperado posteriormente durante o concerto.

Duración orientativa: 10-15 minutos.




PREPARACIÓN PREVIA NA AULA

ACTIVIDADE 2 : UNHA MÚSICA, UNHA IDENTIDADE

Antes do concerto, propoñemos introducir na aula o concepto de leitmotiv: unha idea musical breve que se repite e que queda asociada a un personaxe, lugar, situación ou universo determinado.

Para traballalo, o profesorado pode presentar ao alumnado 2 ou 3 exemplos coñecidos, sen revelar inicialmente que representan, para que intenten identificar a que personaxe, lugar ou universo pertence cada música.

Unha vez descubertos os exemplos, introducirase o termo leitmotiv e reflexionarase sobre como unha pequena idea musical pode chegar a identificar algo sen necesidade de palabras.





PREPARACIÓN PREVIA NA AULA


ACTIVIDADE 3: MÚSICA E EMOCIÓN

Na aula, o alumnado escoitará diferentes fragmentos musicais e anotará, de maneira individual, unha palabra que describa a emoción ou sensación que lle produce cada un deles.

Non se busca atopar unha resposta correcta: o obxectivo é observar como unha mesma música pode provocar sensacións diferentes en cada persoa e reflexionar sobre os elementos musicais que poden influír nesa percepción.

Recoméndase que cada alumno/a teña unha folla ou pequeno caderno de traballo que poderá levar consigo o día do concerto.

Durante o mesmo, este material servirá como apoio para pensar, anotar e participar nas propostas que se realizarán.





PREPARACIÓN PREVIA NA AULA

ACTIVIDADE 4: A MIÑA ESCOITA

Esta proposta está pensada para acompañar a experiencia do concerto antes, durante e despois da súa realización, favorecendo unha escoita activa e consciente.

Antes do concerto, o alumnado traballará na aula os diferentes elementos da linguaxe musical: ritmo, melodía, timbre, dinámica, textura, tensión e silencio. Unha vez familiarizado con estes conceptos, cada alumno/a escollerá 2 ou 3 deles nos que centrará especialmente a súa atención durante o concerto.

Durante o concerto, o alumnado tratará de recoñecer e identificar eses elementos na música en directo, anotando ou lembrando aqueles momentos nos que considere que están especialmente presentes.

Despois do concerto, recuperaranse as observacións na aula para poñelas en común e comentarlas co profesorado de Música, compartindo os diferentes momentos identificados e reflexionando sobre como se manifestaron estes elementos ao longo da experiencia.

Deste xeito, a actividade propón un pequeno percorrido de preparación → escoita → reflexión, permitindo que os conceptos traballados previamente na aula se leven á experiencia musical en directo e se volvan analizar posteriormente desde a propia vivencia do alumnado.

